

INTERVENCIÓN PLENO DE RENUNCIA COMO ALCALDE

(8.VII.2014)

Na miña toma de posesión en 2012 decía aquí mesmo que asumía a responsabilidade de manter e dar continuidade ao goberno municipal de Santiago.

Case 27 meses despois asumo tamén aquí unha responsabilidade de compromiso con Compostela, a da miña renuncia como Alcalde.

Levarei conmigo momentos tráxicos como os daquel accidente de Angrois que, xunto a una inmensa tristura ofreceu tamén a imaxe da solidariedade máis abnegada; ou os momentos difíciles coas convulsións e incertidumes da tarefa de goberno polas circunstancias vividas, ou a pola recente sentenza que apartou aos compañeiros de goberno.

Pero levarei tamén conmigo a honra que supuxo dirixir una cidade sen a que non se pode concebir Galicia nen Europa. Unha cidade universal cuia iconografía non coñece fronteiras; e una cidade que, pola sua historia, son muitas cidades nunha única.

E, por suposto tamén, una cidade que é escenario da vida cotiá de tantas mulleres e homes cos seus afáns, preocupacións e expectativas, aos que quero agradecer en primeiro lugar o permitirme ser Alcalde de Santiago, porque eles son o único importante na miña vocación de servizo.

Agradecemento ás institucións da cidade que, en todo momento, prestaron o apoio que lles solicitei poñendo sempre por enriba o interese da Capital de Galicia.

Como quero agradecer ao meu equipo de goberno; aos que están aquí -Reyes Leis, Luis Meijide ou José Rosende- e aos que por unhas ou outras razóns non poden acompañarme hoxe. A todos eles, o meu recoñecemento polo seu traballo, dedicación e compromiso.

Agradecemento tamén aos voceiros e concelleiros do BNG e do PSdeG na Corporación, porque máis aló das discrepancias xurdidas na xestión de goberno, que foron moitas ás veces, sempre soubemos que en democracia o adversario político nunca é inimigo.

Gratidade aos empregados públicos polos esforzos que tiveron que facer nestes anos de fonda crise económica, mantendo día a día a súa entrega ao servizo público, entendendo que detrás de cada expediente ou de cada solicitude hai un proxecto de vida, una ilusión ou una solución para os cidadáns de Compostela.

E, por suposto aos que no gabinete traballaron ao meu carón no día a día coa dificultade das circunstancias sobrevidas, polo seu apoio sincero e inequívoco.

Agradecemento aos medios de comunicación que desde este Pazo de Raxoi trasladaron o acontecer diario do traballo de goberno, e tamén por suposto das adversidades e sobresaltos de ese mesmo traballo.

Estou certo que o bastón de mando do Concello queda en boas máns. Para o meu sucesor Agustín Hernández que será elixido a continuación, e para o seu equipo de goberno, desexo o mellor e confío que poidan garantir á cidade o protagonismo máis lúcido e máis lucido, e devolverlle á propia Compostela a súa natural serenidade institucional, estabilidade e continuidade.

Nada máis, moitas grazas.